Praza Agustin Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.:
677535526 / 677535699
http://www.fgpesca.org
federacion@fgpesca.org
V15141328

XUNTA DE GALICIA

DEPORTE GALEGO

# CONCENTRACIÓN AUTONÓMICA CORCHEO MAR

**26 de xullo de 2020**

Esta concentración está convocada pola Federación Galega de Pesca e Cásting, sendo responsable da súa organización a Delegación Provincial desta Federación na Coruña, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade.

A Concentración rexerase polo Regulamento de Competicións de Pesca Deportiva e Cásting da FEPeC. Non obstante non ten carácter clasificatorio algún. Trátase dunha Concentración de Pesca benéfica. Os deportistas pagarán a súa inscrición coa cantidade e alimentos que cadaún estime oportuno (arroz, fariña, aceite, leite, galletas,…), que lle serán entregados a unha asociación benéfica da Cidade da Coruña

**Lugar e Data:**

Desenvolverase no dique Barrié de la Maza das instalacións portuarias da Coruña

**Lugar de concentración:**

A reunión dos participantes será no propio lugar da concentración.

## BASES

**Xurado:** A súa composición farase pública na reunión de Delegados para o Sorteo.

**Mangas:** Desenvolverase en **dúas mangas** de **tres horas** de duración cada unha delas. Tanto o inicio como o final de cada manga será indicado con sinais adecuadas.

**Capturas:** Non haberá pesaxe. Farase unha clasificación simbólica por número de capturas. Cada captura obtida, independentemente do seu peso, será valorada con 100 puntos.

**Normas de Desenvolvemento**

Despois do aviso de fin da manga o deportista que teña unha peza cravada, para que esta sexa considerada como válida, disporá dun tempo máximo de 10 minutos para traballala e sacala da auga.

Os Deportistas agardarán nos seus postos a validación do número de pezas obtidas.

Nesta competición é obrigatorio o uso dun redello que permita manter vivas ás capturas ata a súa validación.

**Normas de Comportamento:**

Unha vez nos postos, e antes do inicio da Manga, autorízanse lances de proba para medir a profundidade do posto, sempre e cando o anzol estea desprovisto de cebo.

**Material Deportivo**

**Canas:** Nesta especialidade de Corcheo mar só se autoriza ter en acción de pesca unha cana, con ou sen carrete, dunha lonxitude máxima de oito metros e cun mínimo de catro anelas. Podendo ter outras máis de reserva, xa montadas, das mesmas características.

**Lastre:** Nas competicións de corcheo cómpre que o lastre non pouse no fondo, o seu peso, segundo o arbitrio e prudencia de cadaquén, terá relación co tamaño do flotador usado en cada momento.

**Flotadores:** De uso obrigatorio, fixos ou corredizos, deberán soportar como mínimo o peso do lastre e do cebo. A súa fixación á liña é libre.

**Anzois:** Non poderán ser de medida inferior a 12 mm. de largo e 5 mm. de anchura.

**Cebos:** Libre.

**Engodo:** Máximo 17 litros por manga

**Art. 25.5 do Regulamento de competicións.** Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ó entorno. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo.

Praza Agustin Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.:
677535526 / 677535699
http://www.fgpesca.org
federacion@fgpesca.org
V15141328

## PROGRAMA

08,30 Acollida dos deportistas, Sorteo.

09,00 Entrada nos postos

10,00 Inicio da Primeira Manga.

13,00 Fin da primeira Manga, Pesaxe e troco de postos.

13,30 Descanso

15,00 Inicio segunda Manga.

18,00 Fin da segunda Manga. Entrega de recordos.

**Para inscribirse é mester que tanto os deportistas coma os seus clubs estean ao corrente das súas obrigas coa Federación Galega de Pesca e Casting, sendo asemade imprescindible achegar cubertas as declaracións responsables anexas a estas BASES. As inscricións cómpre facelas ao correo delegadocoruna@fgpesca.org antes da data linde do 21 de xullo Confirmaráselle a inscrición a tódolos deportistas a través dos seus respectivos clubs. Os alimentos da inscrición depositaranse no lugar previsto e no momento da reunión.**

**Por mor da actual crise sanitaria a organización non entregará, nin fará servir, ningunha clase de comida nin bebida aos participantes. Cada participante deberá traer as súas propias bebidas e comida debidamente identificadas. Prégase consultar na páxina web da Federación o Protocolo Covid-19 (www.fgpesca.org)**

**Para o desenvolvemento desta concentración o responsable do protocolo COVID-19 será:**

**Manolo Mouzo – tlf 677535699**

**Asdo. Pedro Bolaño Pérez**
**Presidente do Comité**

Federación Galega de Pesca

XUNTA DE GALICIA | DEPORTE GALEGO

# MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE PARTICIPANTE NA ACTIVIDADE

D/Dª ……………………………………………………………………………………… con nº de DNI/NIE ………………………..

☐ actuando en nome propio ou ☐ como pai/nai/titor do interesado/a (menor de idade) D/Dª ……………………………………………………………………………………… con nº de DNI/NIE ………………………..

Para a actividade …………………………… Organizada pola Entidade ______________________, desenvolvida en ……………………….. día ……...de ………………..del 2020.

SOLICITO que a persoa cuxos datos figuran no encabezamento (o interesado) participe nas actividades da organización exposta, para o cal, lin con detalle a información proporcionada pola propia organización e acepto as condicións de participación e expreso o meu compromiso coas medidas persoais de hixiene e prevención do protocolo da entidade e así mesmo,

DECLARO:

- Que o interesado cumpre os requisitos de admisión establecidos no documento de aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentemento informado, non sendo grupo de risco.
- Que o interesado non convive con ninguén que sexa grupo de risco, ou que no caso de que así sexa, participa na actividade baixo a súa propia responsabilidade.
- Que lin e acepto os compromisos contidos no protocolo para previr o COVID-19 da entidade organizadora da actividade, publicados en (web, tablón de anuncios, etc…)

En …………………………., a......... de…. ……………….de.................

**A/A da Entidade………………………….**

*......*

***DECLARA:***

- *Que coñece o protocolo de volta á actividade deportiva da Entidade.... e o seu compromiso ao seu cumprimento de forma exhaustiva.*
- *Que acudirei ás competicións coas medidas de protección física e que as utilizarei sempre que a práctica deportiva o permíta, e que cumprirei as normas e o protocolo previstos para cada un dos espazos.*
- *Que, a pesar da existencia dun protocolo de volta á actividade, é consciente dos riscos que entraña a práctica deportiva nunha situación pandémica como a actual.*
- *Que non padecín síntomas do Covid-19 nos últimos 15 días:*
    - Cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.
    - Ante a presenza doutros síntomas atípicos como a odinofaxia, anosmia, ageusia, dores musculares, entre outros, é importante buscar outros indicios adicionais que apoien a sospeita da infección. Será o xuízo clínico do profesional o que determine a realización de probas complementarias.
- *Que non estiven en contacto con ningunha persoa que dera positivo en Covid-19 nos últimos 14 días.*
- *Que avisarei, de forma inmediata, aos Servizo Galego de Saúde se algunha das circunstancias anteriores sucedesen ou dese positivo en covid-19, para que se poidan tomar as medidas oportunas.*

A sinatura acredita estar conforme, e a aceptación das normas e medidas establecidas no protocolo ..................

En ........, _______ de ________________ de 2020.

(sinatura)

Federación Galega de Pesca

XUNTA DE GALICIA | DEPORTE GALEGO

D./D.ª …………………………………………………, con DNI/NIE nº ………………., como pai/nai/titor-a do/a interesado/a (menor de idade) ……………………………………………………, con DNI/NIE nº …………………..

Declaro baixo a miña responsabilidade que solicito que o neno ou nena cuxos datos figuran no encabezamento (o interesado/a) participe en……………………………….., para o cal lin con detalle a información proporcionada pola propia organización e acepto as condicións de participación, expreso o meu compromiso coas medidas de hixiene e prevención obrigatorias e asumo toda a responsabilidade fronte á posibilidade de contaxio por Covid-19.

**(Marque cun X no que proceda.)**

| | |
|---|---|
| | Declaro que o/a interesado/a cumpre os requisitos de admisión establecidos no protocolo …………………, non sendo grupo de risco. |
| | Declaro que o/a interesado/a non convive con ninguén que sexa grupo de risco, ou que, no caso de que sexa así, participa na actividade baixo a súa propia responsabilidade. |
| | Comprométome a notificar diariamente o estado de saúde á entidade organizadora da actividade…………….. |

| | |
|---|---|
| | Lin e acepto os compromisos requiridos no apartado ………….. do protocolo ………… |

| | |
|---|---|
| | Declaro que recibín e lin o protocolo de adecuación da actividade á Covid-19 da entidade responsable da actividade e que por tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón. |
| | Declaro que recibín e lin o Protocolo de prevención e de actuación en caso de risco de contaxio ou contaxio positivo da entidade responsable da actividade. |

| | |
|---|---|
| | Declaro que, tras ter recibido e lido atentamente a información contida nos documentos anteriores das bases de participación, son consciente dos riscos que implica a participación da persoa interesada na actividade no contexto da crise sanitaria provocada pola Covid-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade. |

En ……………………………………………………………, a ……… de ………………….. de 2020.

Asdo:

Federación Galega de Pesca

XUNTA DE GALICIA | DEPORTE GALEGO

**ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN, OBRIGA DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO, PARA PARTICIPAR NA ACTIVIDADE ………………………………… ORGANIZADA POR ……………………………………………………………….**

D/Dª .......................................................................................... con DNI/NIE ………...................

☐ actuando en nome propio (persoa participante maior de idade)

☐ como proxenitor/titor-a da persoa participante (menor de idade):

D/Dª .......................................................................................... con DNI/NIE ………...................

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓNS DE SAÚDE**

☐ Declaro que a persoa participante non está diagnosticada de Covid-19, non presenta sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) nin a presentou nos 14 días previos á data de entrada nesta actividade e non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.

☐ Declaro que a persoa participante non convive con ninguén afectado polo Covid-19 nin estivo en contacto estreito nin compartiu espazo sen gardar a distancia interpersoal cunha persoa afectada polo Covid-19, nos 14 días previos á entrada nesta actividade.

☐ Comprométome a notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

**DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DOS RISCOS PARA PERSOAS VULNERABLES** *(marcar no caso de ser ou convivir con PERSOA VULNERABLE: persoa maior de 60 anos/ persoa diagnosticada de hipertensión arterial, diabetes, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas, cáncer, inmunodeficiencias/muller embarazada/ persoa con afecciones médicas anteriores).*

☐ Sendo, a persoa participante, persoa vulnerable e/ou convivinte cunha persoa vulnerable, declaro que son consciente do risco que corre tanto a persoa vulnerable participante como as persoas vulnerables coas que convive.

Federación Galega de Pesca

XUNTA DE GALICIA | DEPORTE GALEGO

**ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE AO COVID-19**

☐ Lin e acepto as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

**DECLARACIÓN DE QUE LEU E ACEPTA A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLA ORGANIZACIÓN SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE AO COVID-19**

☐ Declaro que recibín e lin a información de adecuación da actividade ao COVID-19 da entidade responsable da actividade e que polo tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.

☐ Declaro que recibín e lin o Protocolo de actuación en casos de emerxencia ou risco de contaxio da entidade responsable da actividade.

**CONSENTIMENTO INFORMADO SOBRE COVID-19**

☐ Declaro que, logo de recibir e ler atentamente a información contida nos documentos anteriores, son consciente dos riscos que implica, para a persoa participante e para as persoas que conviven con el, a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

En ………………………….., a......... de…. …………………de.................